

M. CURROS ENRÍQUEZ, "Aires da miña  
Terra", ed. B. Varela Jácome, Vigo, Xerais, 1997<sup>2</sup>.

## O MAIO

*Aquí ven o maio  
de frores cuberto...*  
Puxéronse á porta  
cantándome os nenos;  
i os puchos furados  
pra min estendendo,  
pedíronme crocas  
dos meus castiñeiros.

Pasai, rapaciños,  
calados e quedos,  
que o que é polo de hoxe  
que darvos non teño.  
Eu sónvo-lo probe<sup>1</sup>  
do pobo gallego:  
¡Pra min non hai maio,  
pra min sempre é inverno!...

<sup>1</sup> *sónvo-lo* é a forma da 2.<sup>a</sup> ed.; na 1.<sup>a</sup>, emprégase: "sónvol-o", e na 3.<sup>a</sup>:  
"són vol-o".

Cando eu me atopare  
de donos liberto  
i o pan non me quiten  
trabucos e préstemos,  
e como os do abade  
frozozan meus eidos,  
chegado habrá estonces,  
o maio que eu quero<sup>2</sup>.

¿Queredes castañas  
dos meus castiñeiros?...  
Cantádeme un maio  
sin bruxas nin demos:  
un maio sin segas,  
usuras nin preitos,  
sin quintas, nin portas<sup>3</sup>,  
nin foros, nin cregos.

<sup>2</sup> *que eu quero*: resulta esta lectura do desenvolvemento das seguintes elisións: "q'eu", na 1.<sup>a</sup> e 2.<sup>a</sup>, e "q'ueu" na 3.<sup>a</sup>.

<sup>3</sup> *portas*: refírese ó portazgo, tributo que se cobraba por dereito de paso, ás portas das cidades.

## CÁNTIGA

No xardín unha noite sentada<sup>1</sup>,  
 ó refrexo do branco luar,  
 unha nena choraba sin trégoas  
 os desdés dun ingrato galán.  
 I a coitada entre queixas decía:  
 "Xa no mundo non teño ninguén,  
 vou morrer e non ven os meus ollos  
 os olliños do meu doce ben".

Os seus ecos de malenconía  
 camiñaban nas alas do vento,  
 i o lamento  
 repetía:  
 "¡Vou morrer e non ven o meu ben!"

Lonxe dela, de pé sobre a popa  
 dun aleve negreiro vapor,

<sup>1</sup> Curros Enríquez confesa, nunha nota reproducida ó remate das edicións do libro, que escribiu a "Cántiga" á marxe da lección X da *Economía política*, de Colmeiro, na tarde do 5 de xuño de 1869. O texto poético inspírase na muiñeira composta por Alonso Salgado. Foi musicada despois, por Chané e por Xoán Montes.

emigrado, camiño de América  
 vai o probe, infelís amador.

I ó mirar as xentís anduriñas  
 cara a terra que deixa cruzar:  
 "¡Quén pudera dar volta –pensaba–,  
 quén pudera convosco voar!..."  
 Mais as aves i o buque fuxían  
 sin ouír seus amargos lamentos;  
 sólo os ventos  
 repetían:  
 "¡Quén pudera convosco voar!"

Noites craras, de aromas e lúa,  
 desde entón ¡qué tristeza en vós hai  
 prós que viron chorar unha nena,  
 prós que viron un barco marchar!...

Dun amor celestial, verdadeiro,  
 quedou solo, de bágoas a proba,  
 unha cova  
 nun outeiro  
 i on cadavre no fondo do mar<sup>2</sup>.

<sup>2</sup> Amosan estes versos finais o remate trágico, irreversible dos dous namorados. Esta dobre situación fronteira xa foi glosada polo Prf. Filgueira Valverde: "el no fondo do mar; ela nunha cova campesiña" (Cf.: *Segundo adral*, A Coruña, Eds. do Castro, 1981, pp. 211-214, no ensaio "Unha noite na eira do trigo."